

INFORME TÉCNICO RELATIVO AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

1.- OFERTAS PRESENTADAS

Que vistas as ofertas presentadas para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela, durante o curso escolar 2012-13, consideramos que se axustan ás prescricións técnicas recollidas no Prego, as seguintes:

EMPRESAS
SERUNION S.A.
ACTEXGA S.L.
FREIRE CHICO S.L.
AIRAS NUNES CATERING
RESTAURANTE SALA GRADIN S.L.
PROMOTORA DE HOSTELERÍA GALLEGA S.L. PROHOSGA
VILLASENÍN, S.A.RUTA XACOBEA
EUREST COLECTIVIDADES S.L. - SCOLAREST
HOSTELERIA GALICIA VELLA DE INVERSIONES Y LOGISTICA S.L.
COESCO DEZA S.L. (SOCYSER) CULINARIA

2.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

O Informe elabórase de acordo cos criterios de adxudicación non avaliáveis mediante cifras que se inclúen no apartado 10.2 do Prego de Condicións Administrativas particulares que rexen este contrato, posto que o servizo a contratar require considerar outros aspectos, ademais do económico.

Os criterios que serviron de base son os seguintes:

A.- ROTACIÓN DE MENÚS. Máximo 15 puntos

B.- PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, promoción de hábitos alimentarios saudables e do desenvolvemento das habilidades persoais do

alumnado de comedor, con indicación dos medios persoais para cada unha das actividades programadas. Ata un máximo de 15 puntos.

C.- PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, do descanso e de hábitos saudables do alumnado de 3 e 4 anos usuario do comedor, coa aportación de equipamento axeitado de descanso, naqueles centros aos que acuda alumnado destas idades, co obxecto de que ao remate do xantar poidan descansar. Ata un máximo 15 puntos.

A.- ROTACIÓN DE MENÚS. MÁXIMO 15 PUNTOS

Neste apartado valórase a rotación de menús propostos polas empresas, isto é, a cantidade de menús que se servirán, de xeito que ningún deles se repita ata non ser servidos os restantes. Este apartado valórase cun máximo de 15 puntos, dos que 10 son os puntos máximos que se poden conceder ao xantar e 5 puntos para o almorzo.


Considéranse como variacións nos menús do xantar, os cambios que se propoñan nos primeiros e segundos pratos, indicados no prego de prescricións técnicas.

Así mesmo, considéranse como variacións nos menús do almorzo, as combinacións que se propoñan nos tres primeiros grupos indicados no prego de prescricións técnicas; isto é, lácteos, cereais e froita fresca.

EMPRESA: PROHOSGA S.L.

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	_____
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	_____
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MÁIS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	0

Só indican 10 posibles almorzos e os mínimos para poder puntuar neste apartado son 11, de acordo co Prego.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**


Departamento de Educación

EMPRESA: RESTAURANTE SALA GRADIN S.L.

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	2,5
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	_____
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MÁIS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	2,5

EMPRESA: CULINARIA- GRUPO SOCISER S.L.

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	----
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	5
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MÁIS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	5



**CONCELLO DE
SANTIAGO**


Departamento de Educación

EMPRESA: FREIRE CHICO S.L. AIRAS CATERING

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	_____
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	5
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MAÍS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	5

EMPRESA: ACTEXGA S.L.

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	_____
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	5
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MAÍS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	5



**CONCELLO DE
SANTIAGO**


Departamento de Educación

EMPRESA: EUREST COLECTIVIDADES S.L. - SCOLAREST

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	_____
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	5
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MÁS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	5

EMPRESA: VILLASENIN S.L.- RUTA XACOBEA

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	_____
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	5
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MÁS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	5



**CONCELLO DE
SANTIAGO**


Departamento de Educación

EMPRESA: HOSTELERIA GALICIA VELLA DE INVERSIONES Y LOGISTICA S.L.

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	_____
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	5
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MÁIS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	5

EMPRESA SERUNION S.L.

XANTAR	PTOS. EMPRESA	ALMORZO	PTOS. EMPRESA
11-15 MENUS DIF. 2,5 puntos	_____	11-15 MENUS 2,5 puntos	_____
16 E 20 MENUS DIF. 5 puntos	_____	16 E 20 MENUS 5 puntos	5
21 E 25 MENUS DIF. 7,5 puntos	_____	_____	_____
MÁIS DE 25 MENUS DIF. 10 puntos	10	_____	_____
Total	10	Total	5




**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

RESUME DE PUNTOS. APARTADO A)

EMPRESAS	XANTAR- PTOS	ALMORZO- PUNTOS	TOTAL
SERUNION S.A.	10	5	15
ACTEXGA S.L.	10	5	15
FREIRE CHICO, S.L. AIRAS NUNES CATERING	10	5	15
RESTAURANTE SALA GRADIN S.L.	10	2,5	12,50
PROMOTORA DE HOSTELERÍA GALLEGA S.L. PROHOSGA	10	0	10
VILLASENÍN, S.A. RUTA XACOBEA	10	5	15
EUREST COLECTIVIDADES S.L.	10	5	15
HOSTELERIA GALICIA VELLA DE INVERSIONES Y LOGISTICA S.L.	10	5	15
COESCO DEZA S.L. (SOCYSER) CULINARIA	10	5	15



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

B.- PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, PROMOCIÓN DE HÁBITOS ALIMENTARIOS SAUDABLES E DO DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES PERSOAIS DO ALUMNADO DE COMEDOR, CON INDICACIÓN DOS MEDIOS PERSOAIS PARA CADA UNHA DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS. ATA UN MÁXIMO DE 15 PUNTOS

Para a valoración dos programas contemplados neste apartado as empresas tiveron que incluír, cando menos, os seguintes aspectos:

- Nome do programa.
- Entidade organizadora do programa.
- Descrición das actividades que se desenvolven no mesmo.
- Programación diaria, semanal e mensual das actividades a desenvolver, especificando o referido ao horario do almorzo e o referido ao horario do xantar, así como as idades do alumnado ás que vai dirixida cada unha delas.
- Descrición do persoal encargado do desenvolvemento, con referencia expresa ao número, ao horario de dedicación presencial e a súa cualificación.
- Descrición do material que se achegue ao alumnado usuario do comedor para o desenvolvemento do programa.

Non foron obxecto de valoración os programas onde non constaba a documentación acreditativa dos extremos citados anteriormente.


EMPRESA PROHOSGA S.L.

O programa proposto por esta empresa leva por título “La alimentación saludable. Sueño y descanso. Qué divertido es soñar”, que está pensado para alumnado de infantil e primaria.

Por unha banda, desenvolve unha unidade didáctica para as etapas de educación infantil e primaria co obxectivo de promover e practicar unha alimentación sana e equilibrada. Inclúe os obxectivos xerais, os contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) e as actividades xerais para infantil e primaria e específicas para educación primaria, pero non para educación infantil.

Así mesmo, apuntan criterios para a avaliación do programa proposto e os recursos materiais que se utilizarán no desenvolvemento das actividades.

Por outra parte, recolle o proxecto unha actividade relacionada co sono e o descanso –para dormir e para despertar-, co obxectivo de ensinar aos nenos e nenas o hábito do sono como unha actividade prazenteira. Non se especifican as idades concretas dos nenos e nenas destinatarios desta actividade.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

A proposta desta empresa non recolle a programación diaria, semanal e mensual das actividades, nin a proposta horaria.

Tampouco recolle o persoal encargado do desenvolvemento, nin a súa cualificación.


		PUNTOS EMPRESA
ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	1
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	0
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLITICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	0
	MÁXIMO 15	1

EMPRESA RESTAURANTE SALA GRADIN S.L.

O programa a desenvolver denomínase "Come sano y muévete", e a entidade organizadora sería a propia empresa. Non se trata dun programa orixinal xa que se extrae literalmente do Programa piloto Perseo, promovido pola Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición del Ministerio de Sanidad y Consumo y el Centro de Investigación y Documentación Educativa del Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. Na proposta que se presenta incorpóranse textos tanto da *Guía do comedor*, como actividades do "*Cuaderno del alumnado*", "*Ideas prácticas para el profesorado*", e a "Guía para o profesorado de educación física". Debemos deixar constancia de que de todo este bloque descritivo non se cita en ningún caso a fonte da que procede a información, aínda que se pode considerar válido tendo en conta que son materiais elaborados por expertos en distintas materias relacionadas co ámbito da saúde, a nutrición e o deporte.

Esta proposta recolle unha programación diaria e quincenal, non mensual, das actividades destinadas á totalidade do alumnado usuario do servizo de comedor. Para o alumnado de 3 e 4 anos descríbese un conxunto de actividades respecto da hixiene bucal, xogos para o descanso (adiviñas, de memoria, encrucillados, sopa de letras), así como actividades para a xeración do hábito de aprender a comer só. Debemos sinalar que en conxunto os contidos da proposta son desenvoltos de maneira pouco estruturada e de xeito insuficiente.

Na proposta da empresa expónse que o persoal monitor que se fará cargo da atención do alumnado estará de acordo coa ratio establecida na Orde de 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización e funcionamento e xestión dos



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

comedores escolares (ratio 1/18). Indican que contará coa preparación especializada e un deles actuará como coordinador, establecendo as funcións que desenvolverá. Tamén contempla a figura do especialista en dietética e nutrición, que será contratada pola empresa para o deseño dos menús e o asesoramento nutricional. Faise referencia tamén á dedicación presencial do persoal de atención directa ao alumnado, con indicación horaria. Non consta a documentación acreditativa da cualificación do persoal e da política de igualdade de homes e mulleres.

No se indica especificamente o material que se achega ao alumnado usuario do comedor para o desenvolvemento do programa.

ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	2
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	2
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLITICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	0
	MÁXIMO 15	4


EMPRESA CULINARIA GRUPO SOCISER S.L.

O programa presentado por esta empresa leva por título, “Programa de promoción da saúde e hábitos positivos, e aproveitamento do ocio e do lecer no comedor escolar”, baixo a concepción de que o espazo-tempo comedor é o eixe para a posta en marcha de actividades que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do alumnado. Este programa está elaborado polo equipo pedagóxico do Proxecto Aldebarán, pertencente a esta empresa.

Recolle no seu proxecto que o programa de actividades terá lugar antes, durante e con posterioridade á utilización do servizo de comedor e do almorzo, tal e como se recolle no Prego Técnico.

As actividades agrúpanse para o tramo de alumnado de 6-12 anos e especificamente, para o tramo de 3 e 4 anos.

O programa de actividades educativas se relaciona directa ou indirectamente coa transmisión de valores transversais, incidindo na educación para a saúde, vinculándoas tamén co Proxecto Educativo Anual de cada centro. Desenvolve os obxectivos xerais e específicos para o conxunto do alumnado de acordo coa normativa.



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Educación

A proposta desta empresa recolle unha programación pormenorizada diaria, semanal e mensual, indicando o tipo de actividades que se prevé desenvolver, o contido e a temporalización das mesmas (10 minutos antes da comida; 45 minutos durante o xantar; 20 minutos durante o almorzo; e 10 minutos despois de comer). Esta empresa explicita o desenvolvemento de actividades de rutina para o período de adaptación do alumnado de 3 e 4 anos e para o tempo de descanso.

Por outra banda, describen o persoal que se adscribiría ao servizo, indicando o número desglosado por centros escolares, cos usuarios deste curso pasado e coa previsión de usuarios do próximo curso. O persoal coidador- monitor se establece de acordo coa Orde de 21 de febreiro de 2007 (detectamos un erro na táboa da paxina 78, na segunda columna vertical donde di "Alumnado de educación infantil usuario estimativo", debería dicir "Alumnado de educación primaria usuario estimativo" e o número de usuarios pois desta columna tamén estarían mal pois se repiten os mesmos que na columna anterior de educación infantil). A ratio a establecen en 1/15. Especificanse respecto do persoal: as funcións, a titulación, a cualificación e o número de persoal encargado de comedor escolar en cada un dos centros escolares obxecto do contrato. Así mesmo, a dedicación presencial, de acordo cos días lectivos e horarios diarios do servizo, establecidos no Prego Técnico.


Tamén fan referencia ao Plan de formación inicial e continúa do persoal adscrito a este servizo elaborado polo equipo pedagóxico desta empresa, con indicación de obxectivos, contidos do curso, duración, e datas de celebración.

Recóllese a garantía de que como mínimo o 60% do persoal do servizo será levado a cabo por miulleres e asumirá acción de responsabilidade social coa finalidade de mellorar a situación de igualdade entre as mulleres e os homes.

Inclúese unha relación de recursos materiais que se aporta, tanto ao alumnado como para a prestación do servizo en xeral.

Tamén se indica o sistema de avaliación do programa: temporalización e indicadores.

ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	3,5
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	3,5
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLITICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	3,5
	MÁXIMO 15	10,5



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

EMPRESA FREIRE CHICO S.L. - AIRAS CATERING S.L.

O proxecto que presenta esta empresa responde á concepción do comedor escolar como o marco no que se deben adquirir uns hábitos alimentarios e as normas para unha alimentación sana e equilibrada, tal e como se recolle na introducción da súa oferta, recollendo o texto do programa piloto Perseo na “Guía de comedores escolares”, promovido pola Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición del Ministerio de Sanidad y Consumo e o Centro de Investigación y Documentación Educativa del Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. Salienta consecuentemente a importancia de comezar a formación nutricional nestas idades a través de programas e actividades que promovan o desenvolvemento de hábitos alimentarios saudables e habilidades persoais do alumnado usuario de comedor.

A súa oferta contempla:


A.- respecto da promoción da saúde inclúe catro subprogramas: xogos de patio, saúde no fogar, saúde e deporte e hixiene persoal, que teñen por finalidade facer comprender ao escolar a necesidade de coidar o corpo, mediante accións repetitivas e sistemáticas, contando coa axuda dos monitores que participarán no programa para a aprendizaxe a través de accións como sentarse na mesa, aseo persoal diario, entre outras. Tamén inclúen recursos como guías didácticas impresas (en formato electrónico), ou sesións educativas con persoeiros relevantes no ámbito deportivo.

B.- Respecto da promoción de hábitos saudables inclúe 6 subprogramas: “imos de compras”, “o teatro das verduras”, “recompensa de hábitos saudables”, “diario dos alimentos”, “a orixe das froitas”, “a debuxar”.

C.- Para o desenvolvemento das habilidades persoais do alumnado do comedor, propoñen outros catro subprogramas: “preparación e recollida das mesas”, “recompensa do comportamento axeitado”, “promoción de comportamentos axeitados no fogar”, “contos tradicionais”.

Da lectura dos mesmos, entendemos que, aínda que de maneira xenérica resultan propostas nalgúns casos innovadoras, non se axustan ao establecido no prego de cláusulas administrativas, respecto da programación diaria, semanal e mensual das actividades a desenvolver, especificando aquelas que teñan que ver co horario do almorzo e co horario do xantar, así como as idades do alumnado ás que se dirixen cada unha delas. Así mesmo, entendemos que algunhas non se poderán desenvolver no tempo de comedor, como é o caso do programa “imos de compras”.

En canto ao apartado do persoal o programa indica que se axustará ao Prego de Prescricións técnicas, pero non desenvolve pormenorizadamente este apartado na liña do indicado no prego de cláusulas administrativas.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

Inclúese unha Declaración documental na que se compromete á elaboración e implementación dun Plan de Igualdade de contratación de mulleres e homes.


Respecto do material que se achega ao alumnado usuario, consideramos que aínda que se cita para cada apartado, non está suficientemente documentado para realizar unha avaliación suficiente do mesmo.

		PUNTOS EMPRESA
ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	1,5
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	0
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLITICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	2,5
	MÁXIMO 15	4

EMPRESA ACTEXGA S.L.

O programa de actividades previsto denomínase "Clube gourmet: programa de hábitos de alimentación saudable e lecer educativo" e entende o servizo de comedor como un espazo educativo, activo e participativo no que ademais de satisfacer as necesidades básicas de alimentación, hixiene e coidado do alumnado, se adquiran hábitos alimentarios correctos e saudables, así como a práctica de normas de conduta e tarefas relacionadas coa alimentación. A entidade organizadora do programa será a empresa ACTEXGA S.L., especializada na xestión de servizos de comedores escolares, aulas matinais e actividades extraescolares. Para a prestación do servizo de catering teñen previsto subcontratar á empresa Barrigola-Casa Ourense Catering, con experiencia na prestación do servizo de comedor escolar en centros educativos de Santiago, entre outros.

O programa de actividades previsto durante o servizo de almorzo e despois do xantar ten por obxectivo potenciar a autonomía dos usuarios a través da educación en valores, a convivencia entre iguais, así como coñecer e achegar aos nenos e ás nenas a diferentes aspectos que posibiliten o seu desenvolvemento integral como persoa, xa que entenden o comedor como un servizo educativo que ademais de facilitar a conciliación familiar e laboral, complementa e apoia a tarefa educativa da escola e da familia.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

O programa está estruturado para o servizo de almorzo e para o servizo de xantar. No primeiro caso os contidos a tratar durante todo o ano agrúpanos en xogos de grupo e interior, expresión dramática, animación á lectura, expresión plástica e educación para a convivencia, incidindo en aspectos como a autonomía persoal, a autoestima, a creatividade, entre outros. Recóllese a programación diaria, semanal e mensual, nos días e horarios establecidos no prego de prescricións técnicas. Reproducíndose este mesmo esquema para o servizo de xantar.


Ademais incorporan unha serie de recursos, de interese para a recollida de suxestións das familias e dos usuarios e o deseño de novas actividades en función dos intereses dos mesmos, a través de caixas de suxestións en cada comedor escolar; o establecemento dun taboleiro de anuncios como medio de comunicación directa coas familias, así como concursos que fomenten a cooperación e o traballo en equipo; actividades de fomento da lingua galega, castelá e inglesa; a promoción de coñecemento de diferentes costumes da cultura tradicional por meses; a elaboración de cartelería sobre aspectos da vida escolar e da vida cotiá do comedor, co obxectivo de motivar a través das imaxes e das palabras.

Para o alumnado de 3 e 4 anos usuario de comedor, dispoñerán un aula de descanso en cada un dos comedores escolares, establecendo rutinas para a sesta, de 15:15 a 16 horas, unha vez rematada a hixiene persoal. Explicitan un interesante programa de descanso, con indicación de obxectivos, contidos e actividades para este apartado: obradoiro de relaxación, obradoiro de masaxes, de musicoterapia, e a hora do conto.

Respecto do persoal encargado do desenvolvemento do servizo de comedor, madrugadores e actividades educativas é a empresa que mellor describe a estrutura e a composición do equipo coordinador destes servizos, con indicación do cadro de persoal, cualificación, función e currículums dos mesmos. Deixan constancia da ratio de persoal/usuario que será de 1/18 e sinalan que en todos os comedores haberá un monitor/a con formación específica en lingua inglesa para desenvolver este apartado do programa de actividades, ofrecendo a posibilidade de continuación do monitorado que traballou anteriormente en cada centro educativo e que queira seguir neste curso, ofrecendo a reciclaxe daquel persoal que o precise nalgúns dos requisitos que esta empresa esixe. Así mesmo, esta empresa comprométese a contar con persoal de substitución igualmente cualificado para cubrir as prazas do monitorado que cause baixa, mantendo o número de traballadores expresados na presente oferta. Contan en plantilla cunha especialista en seguridade e hixiene alimentaria, coa titulación de Técnico superior en Dietética, encargada da supervisión directa dos labores formativos e informativos de cada comedor.

Inclúe tamén un Plan de formación para o persoal que preste servizos neste programa, con definición de obxectivos, relación de cursos, datas de celebración, horarios e contidos.

Por outra banda, recollen a impartición de xornadas formativas para familiares e coidadores, impartidas pola Dietista sobre temas relacionados cos hábitos de alimentación saudable, normas e boas prácticas no comedor escolar, así como



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Educación

sesións formativas para monitores, familias, persoal educativo, concretadas en temas como: a resolución de conflitos, a prevención de drogodependencias, a hiperactividade, entre outras, e con periodicidade trimestral.

Declara documentalmente o seu compromiso no establecemento e o desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

Indican ao longo do seu proxecto, que a empresa farase cargo de todo o material necesario para o desenvolvemento do servizo de xantar e almorzo: material funxible, deportivo, de expresión corporal, xogos de mesa, botiquín, entre outros.

Contempla, así mesmo, outros recursos para unha mellor xestión dos servizos previstos, como a incorporación das novas tecnoloxías: Facebook individual para cada comedor, banner específico do programa vinculado á páxina web municipal e informes mensuais para as familias, o centro educativo e o concello de Santiago.

Garantizan a información a través de teléfono directo e correo electrónico a través do coordinador para que as familias podan resolver a cotío calquera incidente ou situación inesperada. Contemplan un sistema de avaliación e a presentación dunha memoria final.

		PUNTOS EMPRESA
ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	4,5
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	5
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLITICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	5
	MÁXIMO 15	14,5

EMPRESA VILLASENIN S.A - RUTA XACOBEA

O programa educativo que presenta esta empresa leva por título " Comer rico e sano non é complicado". Ten como obxectivo dar a coñecer aos nenos e nenas a importancia dunha alimentación saudable e a práctica dunha actividade física a través de materiais pedagóxicos, actividades e xogos.

Estruturan o programa en tres áreas:

- Actividades de educación nutricional, en colaboración coa empresa Ciencia Divertida. Unha actividade ao mes por cada participante e catro xornadas especiais sobre gastronomía galega.
- Actividades a desenvolver de xeito regular durante todo o curso, especialmente xogos tradicionais (20 sesións por curso escolar).
- Actividades diarias de apoio aos alumnos/as no comedor (adquisición de destrezas, rutinas de hixiene e valoración dos alimentos).

Describe os obxectivos educativos das mesmas e relaciónnaas coas competencias básicas do currículo de educación primaria.

Acompáñase unha proposta técnica do programa de educación nutricional para cativos elaborado pola empresa Servicios de Ocio Educativo S.L.- Ciencia Divertida, que colabora coa empresa Villasenín S.A., no desenvolvemento do programa "Profesor-nutricion" e "Gastronomía galega". Este programa está integrado por obradoiros para infantil e primaria, establecendo o número de participantes, a duración, o horario e a periodicidade.

Incorporan tamén un conxunto de obradoiros e de actividades educativas que aínda que interesantes no seu contido non están ben estruturadas e concretan máis ben pouco respecto da súa programación.

No apartado de persoal se recolle no caso de Servicios de Ocio Educativo S.L.- Ciencia Divertida, o persoal propio e o compromiso de contratación do persoal necesario para o desenvolvemento das actividades. No caso da empresa Villasenín S.A. inclúe un cadro de persoal fixo da empresa, sen outro tipo de aclaración.

Inclúese unha Declaración documental co compromiso de manter a súa vixente política de igualdade entre homes e mulleres na contratación de persoal e demais aspectos relacionados coa xestión laboral.

Non se inclúe o documento de Titulación do especialista de Dietética e Nutrición.

ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	3
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	2,5
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLITICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	3
	MÁXIMO 15	8,5

EMPRESA: HOSTELERIA GALICIA VELLA DE INVERSIONES Y LOGÍSTICA S.L

Para o desenvolvemento deste programa teñen previsto que sexa realizado pola empresa Vida Láctea S.L.U., como subcontratista, no caso de que resultara adxudicataria a empresa Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L.

O título do programa sería “Educar para comer” e está pensado para a recuperación dos bos hábitos alimentarios e de condutas axeitadas no comedor, sustentado nunha programación baseada no lecer e no tempo libre creativo dos rapaces e das rapazas. Describe os obxectivos xerais e indican un conxunto de unidades temáticas nos que se agrupan as diferentes propostas de actividades.


Presentan un programa de actividades tipo en base a talleres para un centro escolar durante 8 semanas, con actividades diarias, para madrugadores e para comedor. As actividades están pensadas para todo o alumnado, adaptando as actividades ás idades dos rapaces. Fan referencia ás normas básicas das actividades e a que se contará cun sistema de avaliación das mesmas.

Para o desenvolvemento destas actividades adscriben un director da actividade xeral, ademais dun coordinador por centro e os monitores e o nutricionista indican que serán contratados de acordo co Prego. A ratio será de 1/18. Establecen as titulacións mínimas dese persoal, que serán remitidas ao concello de Santiago unha vez asinado o contrato, se é o caso.

Recóllese a actividade formativa para os monitores das actividades relativa a un “Curso de monitor de comedor”, sen indicación de contidos, datas, nin duración do mesmo, así como a realización de catro xornadas formativas, cunha duración de 40 horas cada un, para este mesmo persoal. Non se indican datas de realización.

Respecto do material que se aporte ao alumnado usuario, será por conta da empresa, sen ningún tipo de concreción.

Non se acredita a política de igualdade para a contratación de homes e mulleres. En xeral a proposta programática presentada resúltanos xeralista e pouco concreta respecto dos aspectos que o prego indica como obxecto de valoración neste apartado.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

		PUNTOS EMPRESA
ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	2
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	3
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLITICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	2
	MÁXIMO 15	7

EMPRESA SERUNION S.L.

O proxecto educativo presentado por SERUNION Educa substéntase na concepción do comedor, así como os espazos e os tempos de lecer que os rodean, en momentos privilexiados de socialización que ofrecen diferentes posibilidades educativas, con tres liñas de atención prioritarias: relación cos temas transversais do currículo de cada etapa, atención aos seus procesos de aprendizaxe e atención a nenos e nenas con necesidades educativas especiais. Describe amplamente os obxectivos xerais e de cada etapa educativa.

Propón dous bloques de contido. Para o programa de educación para a saúde e os bos hábitos alimentarios, e outro relacionado coa adquisición de habilidades persoais do alumnado.

O primeiro dos bloques conta cunha campaña de comunicación arredor da comida sana, na que se inclúe unha colección de posters sobre o consumo de froitas e verduras, o proxecto *Nutrición 360º*, dirixido ás familias, e unha páxina web, con información sobre nutrición, menús familiares, recetario, entre outros contidos. O programa de actividades desenvolve, de xeito estruturado, propostas arredor da hixiene bucodental, os bos hábitos posturais, e talleres de alimentación saudable.

Respecto do segundo bloque "Programa de adquisición de habilidades persoais", desenvolve un conxunto de propostas arredor da comunicación e a participación das nenas e nenos na xeración destas habilidades persoais desde a perspectiva do medio ambiente, a educación para a convivencia e a competencia lingüística en galego, castelán e inglés. Estes contidos se traballarán por medio de posters temáticos, libros de actividades, entre outros recursos. Dispoñen ademais dunha guía de actiividades lúdico-educativas da propia empresa diferenciadas por tramos de idade. Tamén expoñen un Plan para reducir o ruído no comedor escolar, co obxectivo de modificar actitudes e condutas no momento da comida.


Ademais, concretan un conxunto de actividades especiais ao longo do ano relacionadas con temáticas diversas: a vendima, o magosto, a gastronomía, o entroido, o día das Letras Galegas, entre outros.

A programación detállase para todo o curso escolar (por día, semana e mes), diferenciando as propostas para educación infantil e educación primaria. A proposta desta empresa, metodoloxicamente, compromete a elaboración dun programa específico de comedor en cada centro que se presentará a principios de curso, sinalando o equipo de monitores, espazos, aspectos xerais de organización e actividades, e tamén comprometen unha avaliación periódica e ao final de curso coa presentación dunha memoria do programa.

No apartado de persoal que se adscribe ao programa inclúen unha Declaración pola que a empresa se compromete á elaboración e ao establecemento dun Plan de Igualdade. Ademais da estrutura de persoal da empresa en Galicia, compromete o cumprimento da ratio contemplado no prego de prescricións técnicas. Contará ademais cunha coordinadora que fará a supervisión dos centros. Indican as funcións a desempeñar polo persoal, un Plan de formación interno (indicando as diferentes accións formativas con obxectivos, contidos, calendario e duración das mesmas) e o compromiso de manter o persoal que actualmente desempeña o traballo nestes momentos nos centros escolares contemplados no prego.

Respecto dos recursos materiais que se achegan para o desenvolvemento das actividades concretan: materiais fixos (bául de recursos) e materiais itinerantes que rotarán polos centros educativos.

		PUNTOS EMPRESA
ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	4,5
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	4
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLÍTICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	4
	MÁXIMO 15	12,5



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

EUREST COLECTIVIDADES S.L.- SCOLAREST

O proxecto leva por título “Comer bien y aprender a vivir mejor”, un programa realizado en base a tres temáticas: alimentación equilibrada e actividade física (comer) , sostibilidade e solidariedade (aprender), e festas tradicionais e días especiais (vivir).


As actividades programadas serán de tres tipos (divulgativas, periódicas e temáticas).

- A) Divulgativas: son actividades de carácter trimestral e agrupadas en tres áreas: hábitos alimentarios (1º trimestre); promoción da saúde (2º trimestre) e valores e habilidades persoais (3º trimestres). Achegan fichas das diferentes sesión a desenvolver de cada unha destas áreas. Non indican en ningún momento cales son para o momento do almorzo e cales para o xantar. Tampouco o horario e os destinatarios das mesmas.
- B) Periódicas, de periodicidade mensual. Acompañan unha ficha tipo para cada actividade, sen indicación do horario de desenvolvemento das mesmas. Nalgúns casos aparecen propostas dirixidas ao ciclo de educación secundaria que non é un tramo de idade obxecto de consideración neste Contrato.
- C) Temáticas: se trata de talleres de cociña e saúde para o fomento de hábitos saudables. Indican que se desenvolverá en cinco sesións sen indicación se é para todos os nenos e nenas, duración das mesmas, entre outros aspectos.

Incorporan unha mascota, “Eva la viajera”, para identificar os diferentes recursos que concorren na proposta. As actividades se presentan nun calendario resume que inclúe para cada centro escolar: 6 sesións de carácter divulgativo, distintas sesión de xogo libre e 5 sesións de actividades temáticas. Sinalando que se trata dunha programación indicativa “pudiendo ser modificada según las necesidades del centro escolar de acuerdo con la dirección del centro”, o que ao noso entender non se axusta ao establecido no prego de cláusulas administrativas.

A proposta do persoal é insuficiente para poder avaliar este apartado. Tampouco inclúe a figura do especialista en dietética e nutrición nin o Plan de igualdade na contratación de mulleres e homes.

O material que se adscribe ao programa se divide en material funxible, educativo (xogos tipo parchis, paracaídas, tenda dos alimentos) e especial (cociña mobil, menaxe, vestuario de cociña e recetarios).




CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Educación

		PUNTOS EMPRESA
ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	5 PUNTOS	1,5
CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	5 PUNTOS	1
CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (ACREDITANDO POLITICA DE IGUALDADE DE HOMES MULLERES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL)	5 PUNTOS	0
	MÁXIMO 15	2,5

RESUME DE PUNTOS. APARTADO B)

EMPRESAS	ORIXINALIDADE, CARÁCTER EDUCATIVO, LÚDICO POPULAR, INNOVADOR E CREATIVO DO PROGRAMA	CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	CUALIFICACION DO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS	TOTAL
PROHOSGA	1	0	0	1
SALA GRADIN	2	2	0	4
GRUPO SOCISER-CULINARIA	3,5	3,5	3,5	10,5
FREIRE CHICO-AIRAS CATERING	1,5	0	2,5	4
ACTEXGA	4,5	5	5	14,5



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Educación

EUREST COLECTIVIDADE S-SCOLAREST	1,5	1	0	2,5
VILLASENIN	3	2,5	3	8,5
HOSTELERIA GALICIA VELLA	2	3	2	7
SERUNION	4,5	4	4	12,5

C.- PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, DO DESCANSO E DE HÁBITOS

SAUDABLES DO ALUMNADO DE 3 E 4 ANOS USUARIO DO COMEDOR, COA APORTACIÓN DE EQUIPAMENTO AXEITADO DE DESCANSO, NAQUELES CENTROS AOS QUE ACUDA ALUMNADO DESTAS IDADES, CO OBXECTO DE QUE AO REMATE DO XANTAR POIDAN DESCANSAR. MÁXIMO 15 PUNTOS.

APORTACION DO EQUIPAMENTO AXEITADO DE DESCANSO: HAMACAS INDIVIDUAIS	ALUMNADO DE 3-4 ANOS	PUNTOS	PUNTOS EMPRESA
A)	100 %	15 PUNTOS	
SALA GRADIN			15
COESCO DEZA S.L. - CULINARIA-(GRUPO SOCISER)			15
FREIRE CHICO-AIRAS NUNES			15
ACTEXGA			15
VILLASENIN-RUTA XACOBEA			15
GALICIA VELLA			15
SERUNION			15
B)	MAIS DE 75% E MENOS DE 100%	12 PUNTOS	_____
C)	MÁIS DO 50% E MENOS DO 75%	8 PUNTOS	_____
PROHOSGA	NON PRESENTA	0 PUNTOS	0




**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

	OFERTA		
	NON PRESENTA OFERTA	0 PUNTOS	0
SCOLAREST			
D. APORTACION DO EQUIPAMENTO AXEITADO DE DESCANSO: OUTRO MOBILIARIO DE DESCANSO DE UTILIZACION GRUPAL COMO SOFÁ DE VARIAS PRAZAS: 4 PUNTOS	ALUMNADO DE 3-4 ANOS	PUNTOS	PUNTOS EMPRESA
	100 %	4 PUNTOS	
FREIRE CHICO, S.L.			—

RESUME DE PUNTOS. APARTADO C)

EMPRESAS	APORTACIÓN DE 100% HAMACAS INDIVIDUAIS	TOTAL PUNTOS
PROHOSGA	0	0
SALA GRADIN	15	15
COESCO DEZA S.L. -CULINARIA	15	15
FREIRE CHICO S.L. AIRAS CATERING	15	15
ACTEXGA, S.L.	15	15
EUREST COLECTIVIDADES S.L.-SCOLAREST	0	0
VILLASENIN S.L. -RUTA XACOBEO	15	15
HOSTELERIA GALICIA VELLA	15	15
SERUNION	15	15




**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

RESUME DE PUNTUACIÓNS DOS APARTADOS A, B e C

Como resultado da valoración dos criterios de adxudicación A, B E C, as puntuacións quedan así:

EMPRESAS	APARTADO - A	APARTADO - B	APARTADO - C	TOTAL
ACTEXGA	15	14,5	15	44,5
SERUNION S.A.	15	12,5	15	42,5
COESCO DEZA S.L. (SOCYSER) CULINARIA	15	10,5	15	40,5
VILLASENÍN, S.A. RUTA XACOBEOA	15	8,5	15	38,5
FREIRE CHICO S.L. AIRAS NUNES CATERING	15	4	15	34
HOSTELERÍA GALICIA VELLA DE INVERSIONES Y LOGISTICA S.L.	15	7	15	37
RESTAURANT E SALA GRADIN S.L.	12,50	4	15	31,50
EUREST COLECTIVIDA DES S.L. - SCOLAREST	15	2,5	0	17,5
PROMOTORA DE HOSTELERÍA GALLEGA S.L. PROHOSGA	10	1	0	11




**CONCELLO DE
SANTIAGO**
Departamento de Educación

De acordo co exposto neste Informe ACTEXGA, S.L, é a empresa con maior puntuación final, cun total de 44,5 puntos.

Santiago de Compostela a 29 de agosto de 2012.

Asdo: Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

Xefe do Departamento de Educación



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

INSPECCIÓN TÉCNICA
SERVICIOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

29-8-2012

INFORME TÉCNICO

A mesa de Contratación reunida o 20 de agosto de 2012 no proceso de adxudicación do *SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA OS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O CURSO 2012-2013* procedeu a apertura do sobre nº 3 para comprobar as proposicións económicas das **nove** empresas admitidas ao concurso.

Dita mesa encarga a esta Inspección técnica a elaboración da valoración das proposicións presentadas relativa aos criterios obxectivos avaliados por aplicación de fórmulas .

O Prego di: " Outorgarase a máxima puntuación á oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional, de acordo ao sinalado no parágrafo seguinte:

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de precio máis baixo da oferta. Obtido a orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio otorgarase a máxima puntuación de 50 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:


- P_n**: Puntuación da oferta
- P_m**: Puntuación máxima (50 puntos)
- O_b**: Importe da oferta máis baixa
- O_n**: Importe da oferta a puntuar

De acordo a esta fórmula, acompáñase follas do cálculo das diferentes ofertas, sendo a empresa **GALICIA VELLA INVERSIONES Y LÓGICA, S.L.**, a empresa que acadou a maior puntuación.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2012

O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García



CONCELLO DE SANTIAGO

PUNTUACIÓN ECONÓMICA

Orde	EMPRESA	OFERTA			PUNTOS		TOTAL
		XANTAR	ALMORZO	SUMA			
1	GAUCIA VELLA INVERS. Y LOG.	3,26	1,260	4,520	50,00		50,00
2	FREIRE CHICO, SL	3,37	1,200	4,570	49,45		49,45
3	VILLASENÍN, SA	3,82	1,000	4,820	46,89		46,89
4	RTE. SALA GRADIN, SL	3,85	1,500	5,350	42,24		42,24
5	SERUNIÓN, SA	3,74	1,760	5,500	41,09		41,09
6	COESCO DEZA, SL	4,05	1,600	5,650	40,00		40,00
7	ACTEXGA, SL	4,50	1,755	6,255	36,13		36,13
8	EUREST COLECTIVIDADES, SL	4,75	1,600	6,350	35,59		35,59
9	PROMOTORA H. GALLEGA, SL	4,70	1,700	6,400	35,31		35,31

Coa puntuación do sobre nº 2 - Criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes - recollida no informe anterior, a puntuación total é a seguinte:

Orde	EMPRESA	SOBRE 2				SOBRE 3	TOTAL
		Ap. A	Ap. B	Ap. C	SUMA		
1	GAUCIA VELLA INVERS. Y LOG.	15,00	7,00	15,00	37,00	50,00	87,00
2	VILLASENÍN, SA	15,00	8,50	15,00	38,50	46,89	85,39
3	SERUNIÓN, SA	15,00	12,50	15,00	42,50	41,09	83,59
4	FREIRE CHICO, SL	15,00	4,00	15,00	34,00	49,45	83,45
5	ACTEXGA, SL	15,00	14,50	15,00	44,50	36,13	80,63
6	COESCO DEZA, SL	15,00	10,50	15,00	40,50	40,00	80,50
7	RTE. SALA GRADIN, SL	12,50	4,00	15,00	31,50	42,24	73,74
8	EUREST COLECTIVIDADES, SL	15,00	2,50	0,00	17,50	35,59	53,09
9	PROMOTORA H. GALLEGA, SL	10,00	1,00	0,00	11,00	35,31	46,31

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2012
O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García